



## *Crocodia aurata* (Äch.) Link

Especie corticícola tamén coñecida como *Pseudocyphellaria aurata* (Äch.) Vain., incluída no listado galego de especies ameazadas na categoría “En perigo de extinción”. Atópase nas árbores frecuentemente cubertas por brións (fotos 1, 2), en áreas oceánicas preto da costa.

Talo foliáceo de ata 15 cm de diámetro, de cor verde cando está hidratado (fotos 1, 2, 4) e gris claro en estado seco (foto 3). Lóbulos con marxes onduladas ás veces con sorais amarelos (foto 4a). Cara inferior con tomento pardo mais escuro no centro, con pseudocifelas circulares amarelas (foto 4b). Médula amarela.

**Fotobionte:** Alga verde.

**Reaccións:** negativas.

